



# Nova Escola Galega

# OPINA

Xuño de 2010

## REMATE DUN CURSO "SEN PROBLEMAS"

Vén a conto este título como referencia ao seu inicio, no que a Consellería de Educación proclamaba que o comezo se realizara sen problemas. Xa daquela editamos un número desta publicación que parafraseaba aquela declaración e poñía en evidencia todos os atrancos que aquel comezo provocara. Dende aquela ata hoxe, podemos asegurar sen temor a trabucarnos que se levaron cabo en poucos meses as maiores e máis contestadas medidas que se deron no período democrático contra a escola pública que defendemos e contra o futuro do propio país. Non se poden cualificar doutra forma as disposicións en relación co noso idioma, co profesorado de apoio, cos servizos coma os comedores ecolares, cos Equipos de Normalización, co proxecto Abalar... A listaxe daría para escribir un volume e constitúe, como dicíamos, un ataque sen parangón contra a cerna do sistema público e contra a propia identidade. Comentamos aquí só algunhas desas "accións" gobernativas a título de exemplo do que nunca se debería producir.

### A LINGUA

Neste curso que remata a cuestión máis recorrente foi, sen dúbida ningunha, o tema da lingua. As continuas declaracións do goberno, e particularmente dos responsables da Consellería de Educación, así como a resposta institucional e cívica ante as pretensións das diferentes propostas normativas para derrogar o decreto 124/2007 para a promoción do galego no ensino, marcaron un período que pasará á historia como punto de inflexión, de retroceso sen precedentes para a lingua galega e para o papel que se lle pretende outorgar á institución escolar no seu desenvolvemento.

Nova Escola Galega fixo públicas en distintas ocasións as súas reflexións: primeiro diante da consulta lingüística desenvolvida ao remate do pasado curso (NEGOPINA, "A Cuestión lingüística", xuño 2009), tamén sobre a opacidade dos resultados da consulta ofrecidos pola administración (NEGOPINA, "Un comezo de curso sen problemas", outubro 2009 e finalmente sobre as sucesivas propostas normativas (NEGOPINA, "Sobre as Bases do plurilingüismo", xaneiro 2010), e sobre o anteproxecto de decreto (NEGOPINA, "O 'Borrador' para a lingua", abril

2010). Nos dous últimos documentos incluíronse análises comparativas respecto de normativas ou propostas anteriores, que evidencian o retroceso da nova regulamentación, publicada finalmente con algunhas modificacións no DOG o día 25 de maio.

Este decreto consuma o duro ataque contra o galego iniciado polo goberno do Partido Popular desde a súa chegada ao poder. Reiterando posicións xa expostas nos documentos sinalados cómpre subliñar os aspectos máis nocivos do novo decreto:

- Por primeira vez na democracia pónselle límites o desenvolvemento da nosa lingua no marco escolar, en aras dun pretendido equilibrio entre linguas que ningún estudo sociolingüístico ou pedagógico coñecido pode avala, e que contradí o sentido da lexislación promovida desde a aprobación do Estatuto de Autonomía a prol do idioma galego.
- Os esforzos realizados polas comunidades educativas de moitos centros escolares para normalizar a nosa lingua propia resultan agora un "exceso" que se pretende reconducir, aín-

da a sabendas que as aprendizaxes en galego dende hai anos -como nas Ciencias- producen resultados positivos. Así, nos resultados en Ciencias recollidos no informe PISA 2006, podemos comprobar esta afirmación: Galicia (505) está por diante do País Vasco (495), Cataluña (491), Andalucía (474), da media española (488), do total internacional (461) e do total da OCDE (491), sendo o promedio OCDE de 500.

En todo caso atópanse deficiencias na adquisición de competencias na lingua minorizada, como quedou de manifesto no último estudo realizado polo ICE recentemente presentado.

O avance que o anterior decreto supuxo, especialmente para a etapa infantil, queda coutado, toda vez que neste nivel estarase a expensas da determinación que as familias declaren respecto da lingua materna. Contra todas as opinións rigorosamente fundamentadas, ese dato será o único a ter en conta para decidir a lingua predominante na aula, e non se fixa porcentaxe ningunha que salvagarde un mínimo emprego do galego nesa etapa.

- Na secundaria, e atendendo ao reparto de materias para ambas linguas que se concreta no novo decreto, a consecución do “equilibrio” en canto ao número de horas de docencia é, na práctica, imposible de conseguir.
- Ademais, a norma aprobada fai desaparecer o idioma galego do ámbito científico-tecnolóxico, profundando nos prexuízos respecto da nosa lingua e ignorando o traballo realizado neste ámbito polo profesorado e as comunidades educativas, no marco do previsto no PXNLG que o goberno di respectar.
- O demagórico criterio da “liberdade lingüística”, que se concretaba principalmente na consulta as familias e na liberdade do alumnado para expresárense na lingua da súa preferencia, independentemente da lingua da materia, dúas medidas contestadas fortemente desde a comunidade educativa recondúcese na redacción final publicada. A consulta, a modo de pregunta, fíxase para a etapa infantil e adíase para as outras etapas á espera dunha nova lei que lle poida dar cobertura legal a tal pretensión. Quere isto dicir que o goberno, malia o informe do

Consello Consultivo -que na valoración deste aspecto coincide cos Ditames da RAG e do CCG, así como de diferentes organizacións e entidades, feitos públicos con moita antelación e ignorados neste e noutros aspectos- non fai renuncia expresa da súa pretensión inicial, senón que retira no último momento a proposta para evitaren con carácter inmediato o primeiro tropezo serio nos tribunais.

Chama poderosamente a atención nesta estratexia como o goberno agarda ata o final para retirar a consulta, cando son coñecidas sentenzas firmes que determinan, sen deixar fenda legal ningunha, que as competencias da administración educativa son indelegables. Non é pensable que o goberno descoñecese a falta de sustento legal para a consulta formulada. A sabendas optaron por manter activa unha promesa electoral ilegal ata que houbo que plasmala no Diario Oficial, gabándose ademais de respectar o ditame do Consultivo, pero anunciando ao mesmo tempo a súa intención de manter aberto o debate público arredor da consulta ata a aprobación dunha nova Lei.

O decreto publicado dálle vía libre á liberdade de escolla do alumnado para usar a lingua da súa preferencia, unha bandeira esgrimida reiteradamente mesmo polo Presidente. Así as cousas, un estudante pode pasar pola escola sen ter por que usar o idioma propio –máis aló da clase de lingua galega– co permiso da propia administración educativa, malia que o propio sistema escolar ten a obriga legal de desenvolver competencias lingüísticas nas dúas linguas oficiais. Tamén para este asunto seguen cuestionando a legalidade das “obrigas” de uso contempladas no decreto anterior, malia que, como o goberno ben sabe, tiveron o respaldo legal tanto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia como do Tribunal Constitucional, que evidenciaron como o alumnado que se vexa requirido a usar a lingua na que se imparte a materia non ve conculcado dereito ningún, por se tratar dun acto escolar e que atinxe á súa educación.

Que o tema da lingua vai ser de longo e tortuoso percorrido evidénciase unha vez máis,

alén dos precedentes da tramitación da norma, na propia aprobación do decreto por parte do Consello da Xunta, logo dunha multitudinaria manifestación –a cuarta no que vai de lexislatura–, do rexeitamento da totalidade das institucións de relevancia consultadas, así como da inmensa maioría dos representantes da comunidade educativa -hai que lembrar que o Consello Escolar de Galicia aprobou unha emenda á totalidade que rexeitaba o anteproxecto de decreto- e, de xeito paradoxal, no contexto dunha oferta de “Pacto pola lingua” solemnemente proposto polo propio Presidente diante de representantes da RAG e sustentado na defensa de principios tan novos que están recollidos nas leis desde o comezo da democracia; se cadra evidenciando que se sitúan politicamente estes gobernantes en etapas predemocráticas e que o único horizonte que albiscan para a nosa lingua non está diante, senón atrás.

A publicación no DOG veu acompañada do anuncio por parte de organizacións sindicais e lingüísticas da interposición de recursos, exercicio ao que tamén se apunta algunha asociación aliada do propio goberno que, adiada a consulta, se sente agora traizoada.

As primeiras dúbidas diante da aplicación do propio decreto no tocante por exemplo aos libros de texto, que continúan baixo o sistema de préstamo, obrigaron a administración educativa a tomar algunhas decisións que ao parecer non tiveron en conta a tempo. Desta maneira e desbotando outras opcións de menor custo econó-

mico, ético e se cadra tamén estético, simplemente lles negan validez aos libros de texto en galego para o estudo das materias que o decreto reserva para seren impartidas en castelán. Ao parecer a proclama da austeridade non é aplicable ao dispendio que supón esta medida, máis aínda en tempos de crise, e non se repara tampouco na kafkiana imaxe dunha administración educativa que, debendo protexer e promover a lingua propia, prefire considerar como refugallo os libros de texto redactados en galego. Unha medida vangardista onde as haxa, porque non é habitual que os responsables da educación dun país fagan da ignorancia da propia lingua o seu obxectivo capital e mesmo destinen recursos económicos á súa extensión. Ora ben, teñan en conta os autores desta desfeita que os libros arden mal.

O feito de que se cuestione por parte de moitas entidades, incluídas as institucións de maior rango do país, a legalidade dalgúns aspectos da norma aprobada ou a recente dimisión en bloque do equipo encargado dos labores de coordinación territorial no ámbito dos EDNL, evidenciando a súa falta de sintonía coas directrices da SXPL plasmadas no actual decreto, poñen de manifesto importantes dificultades para a súa inmediata aplicación.

A Consellería de Educación negoulle á comunidade educativa, e particularmente ao profesorado, un mínimo recoñecemento ao seu labor normalizador, considerando os logros a prol do galego como un problema. Non vai ser me-

# Porque temos unha lingua





nor a dificultade das comunidades educativas para renunciaren aos avances conseguidos na elaboración e desenvolvemento dos proxectos lingüísticos de centro desde a racionalidade pedagóxica. O criterio profesional, rexeitado de maneira irresponsable pola administración educativa, e a preocupación social pola lingua serán, sen dúbida, valorados por riba dunha decisión administrativa tan polémica e tan falta de consenso como a que deu lugar a este novo decreto.

Todas estas circunstancias agoiran un comezo de curso complicado. Non faltarán tampouco propostas para pasar por riba de aspectos que lles resultan incómodos aos principais destinatarios da promesa electoral que motiva este cambio de norma. Todo isto terá como fondo a campaña de publicidade do decreto, de contía millonaria, xa anunciada polos propios responsables de consellería. Unha vez máis chama a atención como a esta administración non lle causa pudor desbaldir diñeiro que non hai dándolle publicidade a unha norma regresiva para o galego cando, paralelamente ao trámite do decreto e no marco da súa particular concepción de austeridade, recortou drasticamente as partidas destinadas ao fomento do uso da lingua galega, o que supuxo a redución dun 20% nos proxectos de dinamización e normalización lingüística. O problema, por tanto, non proce-

de da carencia de recursos económicos, porque como vemos pódense destinar cantidades moi importantes sempre que o obxectivo sexa a regresión e a desprotección da lingua. Ademais, algunhas liñas de ataque nin tan sequera precisan de investimentos específicos, chega coa modificación das normas ou coa supresión de accións; caso por exemplo da nova Orde de Bibliotecas Escolares, que remata coa esixencia de que, como mínimo, o 50% das adquisicións sexan de libros en galego, establecendo un criterio que non garante a presenza duns mínimos imprescindibles de obras na nosa lingua. E, no capítulo das supresións, a consellería acordou liquidar as experiencias de inmersión en galego na etapa de infantil que se estaban desenvolvendo nalgunhas cidades, malia seren pedidas expresamente polas familias e logo de retirarlles o apoio económico xa no curso pasado. Para isto non lle parece á Consellería que sexa conveniente ter en conta a opinión das familias.

Agardaremos a que escampe, permanecendo coa tensión necesaria para que os avances na normalización da nosa lingua no ensino ao longo dos últimos trinta anos non cedan un banzo por estas decisións contraeducativas e antigalegas.



## A AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA

O día 21 de outubro de 2009 tivo lugar a primeira Avaluación Diagnóstica con carácter censual co obxectivo de coñecer como se desenvolve o alumnado de 5º de Primaria e 3º de ESO na Competencia Matemática e na de Comunicación Lingüística. Tratábase de cumprir o apartado da LOE que prevé este tipo de avaliación para que sirva de orientación e de información a familias e centros sobre un aspecto curricular central e tamén lexislativamente novidoso: as Competencias Básicas. Non existiu unha polémica negativa sobre esta iniciativa, por ser acollida sen demasiada desconfianza por todos os sectores da educación e mesmo polas diferentes forzas políticas. Pero esta desconfianza logrouna rapidamente este goberno, tanto coa execución da primeira avaliación como coa comunicación dos resultados e o manexo dos mesmos. Como nos tememos o peor para a seguinte, pensamos que é necesaria esta análise crítica.

A respecto da execución da primeira avaliación botamos moito de menos unha masiva difusión pública deste acontecemento. Seguramente moitas familias, e mesmo moito profesorado, non sabían desta iniciativa e esta falta dun certo clima favorable diminuíu o efecto de revulsivo que debía ter esta proba. A súa existencia xustifícase para que o sistema teña unha información veraz e contrastada da situación e tome decisións para melloralas. Nesta liña será fundamental, en primeiro lugar, reforzar a idea de que estas competencias deberán ser obxecto dunha atención preferente por parte de todo o profesorado –non só do profesorado das materias que parece que teñen naturalmente máis relación coas dúas competencias avaliadas neste curso- e das familias. Mesmo a sociedade tamén debe ser consciente de que se necesitan cidadáns e cidadás que se saiban desenvolver entre a inmensa cantidade de información que lles chega, máis que intentar que abarquen ao detalle un currículo sobredimensionado que dificilmente lles será de utilidade. As competencias permitiranlles acceder a eses coñecementos, pois tratan precisamente de capacitar para

buscalos, recoñecelos, seleccionalos, xerarquizalos e discriminar o valioso do superfluo, tendo como referente o criterio propio. A inexistencia dunha iniciativa para provocar esta reflexión e/ou debate é imperdoable.

Outro elemento criticable foi que non se garantiu na execución da proba a ausencia de posibles comportamentos inapropiados por parte dalgunha persoa ou centro que, pensando que tiraría algunha vantaxe, puido desacreditar o proceso e xeneralizar unha desconfianza que posiblemente sexa só excepcional e moi minoritaria, pero demoledores para a credibilidade do proceso. Referímonos a que a proba se coñeceu con varios días de antelación, non foi pasada nin supervisada por persoal alleo ao centro e o propio procesamento dos datos fíxose tamén sen ningún tipo de supervisión. Por riba non se informou nada da corrección de contraste, tan necesaria para a fiabilidade do conxunto do procedemento.

Tardaron oito meses en chegar aos centros os resultados desta avaliación diagnóstica. Se por parte da Administración todo fora opaco, misterioso e silandeiro ata agora, cada vez o é mais.

Con tanto tempo de marxe deberían atenderse aspectos que son claves para esta avaliación. O primeiro, a comunicación dos resultados. Informouse a cada centro dos seus resultados directos e da comparativa cos resultados de toda Galicia e cos do seu grupo de índice socioeconómico cultural (ISEC), especificando unicamente se esta diferenza é significativa ou non. Un mes despois envían, sen telo anunciado antes, os resultados por niveis de rendemento.

Botamos de menos no informe moitas outras cousas:

- A información podería enriquecerse se ademais do ISEC se comparasen resultados con outras variables, como por exemplo a coordinación, o clima de convivencia, a implicación pedagóxica da dirección, a atención á diversidade, as expectativas académicas do alumnado, a implicación familiar... Todos estes aspectos eran demandados nos cuestionarios directa ou

indirectamente e poderían ser utilizados como criterio comparativo para coñecer así a posición relativa de cada centro e dar pistas sobre os posibles cambios.

- Sería imprescindible que o dato en porcentaxes de alumnado por niveis de rendemento na proba estivese comparado cos de seu ISEC e non cos de Galicia. Tamén deberían ser de interese os resultados por aula. Por outra parte, cumpriría coñecer a banda de variación na que se moven os resultados, para saber a variabilidade existente entre o que se considerou significativo e o que non.
- Pero o máis importante de todo é que esta avaliación aparece coa finalidade de informar e orientar a centros e familias, e nese aspecto non se fixo absolutamente nada ata o xmes de xuño! no que se envía un protocolo sen ningún apoio documental nin de asesoramento, que se quedará previsiblemente nun documento formal.
- Merece tamén un comentario específico o proceso de como se fai a comparación:
  - Primeiro, establécese a comparación con Galicia, cando é dubidoso de que legalmente se poda facer así, pois se a lei establece taxativamente que non se poidan comparar resultados de centros, a comparativa con Galicia facilita esa posibilidade. Se a comparativa fose co ISEC, xa sería moitísimo máis difícil; noutras Comunidades faise só esta segunda.
  - En segundo lugar, o ISEC aparece en só tres niveis, que simplifica e empobrece moito máis

a comparativa. E non aparece o concepto de valor engadido, como a distancia entre os resultados esperables (segundo a posición no ISEC) e os resultados obtidos.

Pero hai mais cousas que resaltar:

- ◊ Non se informou cumpridamente antes de pasar a avaliación, nin -o que é máis grave- se deron pautas para mellorar a situación (o protocolo indica só pasos a dar).
- ◊ A ningún servizo da Consellería de educación se lle encomendou apoiar aos centros no proceso posterior – e máis importante- de tirar conclusións e facer un plan de mellora.
- ◊ Non se deron pistas no propio informe de como valorar e interpretar os datos. Nin se estableceron pautas para identificar os puntos fortes e febles destes resultados. Nin se recomendaron estratexias para elaborar un plan de actuación (só o protocolo).
- ◊ Para o próximo curso non se sabe cando será nin se deu ningunha información pública ao respecto, e xa pasou este curso escolar; ¿tamén se volverá facer nunha data tan inapropiada como é o principio de curso? ou ¿incumprírase a lei e adiarase para maio de 2011, deixando un curso sen facela?

Unha posta en marcha tan desastrosa desta iniciativa, desacredita a propia iniciativa e non só a quen a executan, ¿non será iso o que pretenden?

---

## O CASO "ABALAR"

---

Dentro do apartado de recortes no ensino público, o sucedido co Proxecto Abalar, presentado como un dos proxectos estrela por parte da Consellería de Educación, merece unha atención singular.

Para esta primeira fase do proxecto, a desenvolver no curso 2010-11, a propia Consellería anticipou que a escolla de centros respondería a criterios técnicos -dispoñer de infraestruturas e conectividade axeitada-, organizativos e de implicación do profesorado do centro no proxecto. Igualmente, o web da Consellería informou de que, con carácter previo á implanta-

ción do proxecto, se adaptaron as circunstancias técnicas da maioría dos centros educativos para desenvolvelo con garantías, considerando outras accións relacionadas coa formación dos membros das comunidades educativas. O propio Conselleiro concretou, na información achegada polo seu departamento, "en 2009 investíronse 1,1 millóns de euros en mellorar as infraestruturas eléctricas e de datos en 138 centros educativos, entre eles o 100% dos CPI e unha elevada porcentaxe dos IES, para que poidan participar no proxecto coas garantías técnicas necesarias".

Logo destas previsións e diante do escandaloso dos resultados na dotación prevista nesta primeira fase, a Consellería dá conta dun reparto que afectaría a un 77% de centros públicos e un 23% da privada; datos que non se corresponden cos achegados polos directores dos centros públicos, que sitúan as porcentaxes para esta primeira etapa no 23% dos centros públicos fronte ao 37,7% da privada, distribución que nas grandes cidades reflicte un avultado agravio comparativo. Por exemplo na Coruña, no nivel de Educación primaria, once centros concertados e un público; en Ferrol, cinco concertados e ningún público; catro públicos e nove concertados, en Ourense; e tres públicos fronte a outros nove concertados, en Pontevedra.

As reaccións de protesta dos equipos directivos de centros públicos da provincia da Coruña atopan unha primeira e desconcertante explicación do Delegado Provincial, que xustifica o reparto nas mellores condicións técnicas da rede dos centros privados, así como na maior implicación e formación do seu profesorado. O certo é que se estas fosen as razóns, a responsabilidade máis directa sería, loxicamente, da propia Consellería, da que depende a calidade e adecuación das instalacións educativas, así como a formación do seu profesorado, factores ambos que, como xa quedou indicado, o propio departamento educativo anunciara fortes investimentos para o desenvolvemento do plan. Non cadran nin os datos, nin os argumentos.

Se afondamos algo máis nos datos da cidade da Coruña -como mostra ben vale un botón- vemos que a información e a xustificación das concesións non se sosteñen. Nesta cidade o ensino público representa o 69% da oferta de centros e recibe o 35% das dotacións -sumando os datos dos centros de primaria e secundaria- e o ensino concertado representa o 31% da oferta de centros, pero recibe o 65%; é dicir, que a rede concertada, responsable da metade da oferta, recibe o dobre de equipamento e, no nivel de primaria, a discriminación é extrema: dos 25 centros públicos recibe dotación un único centro, o que ¡exclúe ao 96% dos centros públicos!




Indo ás explicacións, non é crible, e ademais resulta unha provocación, argumentar que os centros públicos contan con peores condicións e que ademais o seu profesorado non está disposto a implicarse, cando a propia Consellería se gabou dos investimentos realizados e cando a propia administración local coruñesa iniciou xa en 1998 un plan de adecuación de centros e de tecnoloxía aplicada ao ensino.

Como denunciou a Asociación de Equipos Directivos da provincia da Coruña, houbo ademais outros argumentos que se filtraron de maneira informal, co obxectivo de procurarles soporte ás primeiras explicacións, vinculándoas a unhas supostas esixencias de reparto entre centros públicos e privados derivadas do convenio co Ministerio de Educación no marco do programa "Escuela 2.0". Non hai tal, porque o convenio non menciona ningún tipo de distribución. É máis, a selección de centros realizada desde a Consellería, ao potenciar os centros da rede concertada, dándolle prioridade así á dotación ás familias con máis recursos e máis familiarizadas co uso das tecnoloxías, entra en contradición co estipulado no propio programa "Escuela 2.0" que, entre outros obxectivos, pretende reducir a fenda dixital, procurando a súa implantación en zonas rurais, de baixa conectividade ou nas que sexa necesario compensar estas accións en aras da equidade social.

Para Nova Escola Galega a explicación non é outra que a firme aposta desta Consellería polo ensino privado, relegando o público a un papel subsidiario, sen importarlle danar constantemente a súa imaxe, con accións e declaracións irresponsables que nada teñen que ver co esforzo da escola pública e dos seus profesionais por manter a calidade do servizo educativo.

A N O V A N D O   A P R E N D E N D O   G A L E G U I Z A N D O



**engádeste?**  
engádeste?  
engádeste?

NOVA ESCOLA GALEGA iniciou unha campaña para convidar as persoas que teñan semellantes intereses na renovación pedagóxica e na galeguización, en definitiva, na consecución dunha escola pública, democrática e galega, a que se engadan a nós.

Enviáronse aos centros educativos elementos da campaña, nos que se inclúen formularios de asociación e tamén da subscrición á Revista Galega de Educación. Podedes dirixirvos á nosa sede por calquera medio que vos resulte máis doado, para terdes información máis ampla ao respecto. Grazas.